



Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cospeito para a execución de actuacións de “Abastecemento no Concello de Cospeito (Lugo)”, cofinanciado polo Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos concellos e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta. No mencionado ámbito material, constitúe un dos nosos obxectivos a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos.

2 O obxectivo destas obras é mellorar as condicións de vida dos veciños deste concello de Cospeito, de tal xeito que poidan ter auga en cantidade e calidade suficiente para satisfacer as súas demandas de auga potable.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Cospeito o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31.12.2019. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cospeito que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no “Abastecemento no Concello de Cospeito (Lugo)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as





entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

